



É Galicia un país no que a natureza e a paisaxe son parte consustancial do noso sentir. Somos o único pobo que ten como himno nacional un canto á natureza. A preocupación polo coidado do medio natural levámolo, pois, no ADN. Cando deseñamos este número de Encrucillada dedicado á ecoloxía mal podíamos supoñer que unha nova ameaza ecolóxica, desta volta o proxecto de construción dunha macro-pasteira que a empresa portuguesa Altri SGPS SA, estaría ocupando as portadas da prensa. Con este marco, os contidos do número coordinado por María Cancelo Baquero e Marisa Vidal Collazo, cobran novo significado.

Abrímolos cun estudo do teólogo Jaime Tatay SJ titulado *O polémico e fecundo diálogo entre a teoloxía e a ecoloxía*, publicado recentemente na revista Estudios Eclesiásticos. As persoas cren-tes sabemos da prioridade do coidado, da relacionalidade da nosa antropoloxía, que temos que proxectar máis aló dos seres humanos. É preciso sandar a nosa relación coa natureza. Segue un convite á lectura fonda da Exhortación Apostólica do Papa Francisco *Laudate Deum* sobre o quecemento global, escrito polo biólogo e compañeiro do Consello, Xaime González Ortega.

Logo unha serie de achegas sobre a situación dos bens naturais en Galicia, de cales son os riscos que están a correr na actualidade e cal o camiño da sustentabilidade. Da situación da auga, ben precioso que sostén a vida, escribe Isabel Pardo Gamurdi, catedrática de Ecoloxía na U. de Vigo. Das oportunidades para o monte galego nun futuro sostible fálanos o académico Francisco Díaz-Fierros Viqueira. O reto da sostenibilidade pesqueira enfrón-
tao Ernesto Penas Lado, que traballou na Dirección General de Pesca da Unión Europea. Diego Ferraz Castiñeiras, da Fundación Renovables, achéganos as encrucilladas enerxéticas nas que hoxe está Galicia.

Sobrevido o conflito de Altri incluimos o manifesto *Pola Biodiversidade e en oposición a unha macro-celulosa en Galicia* que a comunidade científica galega publicou no mes de xuño e que segue sumando adhesións. Ao tempo de pechar este número, o xoves 5 de setembro, o Consello da Cultura Galega publicou o

#Informe proxecto Gama sobre o proxecto industrial que a empresa Greenfiber S.L. (Altri) proxecta en Palas de Rei, e do que recomendamos a súa detida lectura.

Encrucillada tamén quere dicir a súa palabra pola paz no conflito aberto en Oriente Medio. Revólvenos as entrañas ver como a violencia escala día a día, sen tregua, por iso asinamos e publicamos o documento *Paz, froito da xustiza*, promovido por Redes Cristiás e que poden compartir desde a nosa web.

Arredondean os contidos teo-ecolóxicos a recomendación de dous libros. O editado por Carmen Yebra Rovira (que asina o artigo) e Estela Aldave Medrano, *Biblia y ecología. Nuevas lecturas en un mundo herido*, publicado por Verbo Divino este verán e a obra de Vitorino Pérez Prieto *Hacia una ecoteología*, recensión feita por Xosé Antón Miguélez Díaz.

Completan o número as inspiradas ilustracións de Sole Pite, a crónica da Igrexa que puntualmente nos achega Manuel Regal Ledo, o recordo agradecido no pasamento de Vicente Cerdeiriña e o Taboleiro co convite ao XXXVIII Foro Encrucillada, «*Igrexa aberta por reformas*», o sábado 5 de outubro. Vémonos logo en Santiago!!

Marisa Vidal Collazo